

## CAPÍTULO - I

### CONSTITUCIÓN, DENOMINACIÓN, FINS, ACTIVIDADES E DURACIÓN

#### ARTIGO 1º .- Denominación

Coa denominación de Asociación por unha Sociedade de Internautas Livres (Asociación S.I.L.) constitúese en VILAGARCÍA DE AROUSA, provincia de PONTEVEDRA, unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, dotada de personalidade xurídica e capacidade plena para obrar de acordo con fixado na Lei de Asociacións do 24 de Decembro de 1964, no artigo 22 da Constitución Española e nas demais lexislacións vixentes.

#### ARTIGO 2º .- Fins

1. Divulgación e concienciación da informática e novas tecnoloxías na nosa autonomía.
2. Apoio e organización de sistemas de software e hardware, para con iso e coa axuda de eventos, accións formativas e actividades, fomentar o uso das tecnoloxías da información na nosa sociedade.
3. Favorecer a integración das novas tecnoloxías na sociedade.
4. En xeral todas aquelas actividades que permitan o desenvolvemento e a consecución dos fins da Asociación.

#### ARTIGO 3º .- Actividades

Para a consecución destes fins, a asociación poderá realizar:

1. Obradoiros.
2. Cursos de formación.
3. Divulgación en distintos medios.
4. Sesións de traballo.
5. Realización de proxectos.
6. Celebración de encontros periódicos entre usuarios.
7. Calquera outra actividade ou evento lícito que axude ós fins desta asociación.

A asociación como suxeito de dereito e para o cumprimento dos seus fins ten a responsabilidade xurídica e a titularidade de dereitos e obrigas para toda clase de actos e contratos de tráfico civil.

#### ARTIGO 4º .- Duración

Esta asociación esta constituída por tempo indefinido e o seu ámbito de actuación é autonómico, conforme se indica nos presentes Estatutos.

#### ARTIGO 5º .- Domicilio Social

O domicilio social da sede central da Asociación establece en: Rúa Baldosa nº 25 (Baixo interior), Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) CP: 36600, podendo existir outros domicilios noutras localidades dentro do ámbito da Comunidade Autónoma onde a Asociación estableza unha Delegación.

Para o establecemento de Delegacións fora do ámbito da Comunidade Autónoma será necesaria unha modificación dos presentes estatutos.

## CAPÍTULO II

### DOS/AS SOCIOS/AS, AS SUAS CLASES, DEREITOS E DEBERES

#### ARTIGO 6º .- Condicións de ingreso

Poderán ingresar como socios/as da Asociación todas aquelas persoas maiores de 16 anos dun ou outro sexo, que así o desexen, solicíteno por escrito e sexan admitidos pola maioría simple da Xunta Directiva.

Para o seu ingreso, os menores de idade deberán adxuntar a súa solicitude do permiso explícito por escrito dos seus representantes legais, pais ou tutores para pertencer a esta Asociación, dando coñecemento e conformidade ós Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

#### ARTIGO 7º .- Tipo de socios/as

1. Serán socios/as xuvenís os de idade comprendida entre 16 e 18 anos. Con voz pero non voto nas Asambleas e participación gratuíta nos eventos da Asociación.
2. Serán socios/as numerarios con carácter xeral o resto dos socios. Con capacidade de decisión nas Asambleas e participación gratuíta nos eventos da Asociación.
3. Serán socios/as honorarios aqueles/as ós que a Asamblea Xeral conceda ese título, sen necesidade previa de ser socio/a da Asociación, sempre que concorran en eles/as méritos destacados polos seus servicios en defensa dos/as asociados/as e dos intereses da Asociación. Estes terán voz, pero non voto e participación gratuíta nos eventos levados a cabo pola Asociación.
4. Serán socios/as colaboradores/as aqueles/as entidades ou individuos maiores de 18 anos que desexen colaborar nas actividades que desenrola a Asociación. Estes terán voz pero non voto e participación gratuíta nos eventos nos que colaboren, tanto os colaboradores coma os seus familiares ata 1º grado de consanguinidade do colaborador.

#### ARTIGO 8º .- Baixa de socios/as

Os/As socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

1. Por vontade propia, comunicada por escrito á Directiva.
2. Por falta de pago de 3 cuotas.
3. Por mala conducta ou comisión de accións que perxudiquen gravemente ós intereses da Asociación, acordo mediante dunha Asamblea Xeral Extraordinaria. Para isto, previamente a esta decisión, abrírase un expediente que instruíra o/a Secretario/a a Xunta Directiva cos cargos existentes contra o/a socio/a a quen daráselle traslado por termo de oito días hábiles, para que por escrito alegue todo canto o seu dereito conviñera; pasado este prazo o/a Secretario/a remitirá o expediente a la Xunta Directiva que convocará Asamblea Xeral Extraordinaria e esta resolverá de forma definitiva, sen posterior recurso, debéndose dar cumprimento da súa decisión inmediatamente, previa comunicación ó interesado/a.
4. Por inasistencia non xustificada a 3 Asambleas Xerais.
5. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

## ARTIGO 9º.- Dereitos dos socios/as

Os/as socios/as teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte en las Asambleas Xerais con voz e voto os/as socios/as numerarios e con voz pero sen voto o resto de socios/as.
2. Os/as socios/as numerarios elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Propor por escrito ós órganos de Goberno queixas e suxestións respecto á Asociación e as suas actividades.
4. Solicitar información sobre a marcha da Asociación.
5. Disfrutar de tódolos beneficios da Asociación según as normas disposicións regulamentarias da mesma ou cantos outros sexan concedidos a aquela por entidades privadas o públicas.
6. Disfrutar de tódolos dereitos que como membro desta Asociación lle corresponda, tendo en conta as normas dadas polos Organismos competentes.
7. Participar nas actividades da Asociación e traballar para o logro dos seus fins. Calquera evento que sexa organizado por esta Asociación será gratuíto para os socios/as (dependendo do disposto no ARTIGO 5), nembargantes a Xunta Directiva poderá solicitar unha cantidade simbólica para devandita celebración.
8. Asistir á Asamblea Xeral.

## ARTIGO 10º .- Obrigas dos socios/as

Son obrigas dos/as socios/as, coa excepción dos honorarios:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos dos Órganos de Goberno.
2. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos/as.
3. Satisfacer as cuotas que se establezan.
4. Respetar o previsto nos Estatutos.
5. Aceptar os acordos e as decisións dos Órganos de Goberno.
6. Obriga de proporcionar unha conta de correo electrónico, a cal servirá para a xestión dos correos entre a Xunta Directiva e mailos socios. En caso de non dispoñer dunha, a Xunta Directiva proporcionaría unha gratuíta.
7. Asistir a Asamblea Xeral.
8. Satisfacer as cuotas que se establezan.

## CAPÍTULO III

### ÓRGANOS DIRECTIVOS E FORMA DE ADMINISTRACIÓN

#### ARTIGO 11º .- Estructura e órganos da Asociación

A Asociación está dotada de entidade propia con autonomía funcional, organización e goberno propio para os fins que pretende no art. 1 do presente estatuto fundacional.

Son órganos da Asociación:

- A Asamblea Xeral de Socios.
- A Xunta Directiva.

#### A ASAMBLEA XERAL

#### ARTIGO 12º .- Réxime da Asamblea Xeral

A Asamblea Xeral de Socios, é o órgano de expresión da vontade da Asociación. Estará integrada pola Xunta Directiva e todo-los/a-las socios/as.

Reunirase con CARÁCTER ORDINARIO polo menos unha vez ó ano, no Primeiro Trimestre de cada ano. E con CARÁCTER EXTRAORDINARIO, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou sexa solicitado pola terceira parte dos/as socios/as, por medio dun escrito dirixido ó presidente, estando este escrito autorizado coas firmas correspondentes, e expoñendo nel o motivo de dita convocatoria e mailo orde do día.

Os cargos de Presidente/a, no seu defecto Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vocais da Asamblea Xeral serán os da Xunta Directiva.

#### ARTIGO 13º .- Convocatoria da Asamblea Xeral

A Asamblea Xeral, tanto Ordinaria como Extraordinaria, será convocada pola Xunta Directiva con 15 días de antelación mediante anuncio colocado no domicilio social e/ou outros medios que garantan o coñecemento da convocatoria, estes son o foro aloxado nun servidor de Internet e os correos electrónicos dos socios. No devandito anuncio expresárase a Orde do Día.

#### ARTIGO 14º .- Facultades da Asamblea Xeral en Sesión Ordinaria

Serán facultades da Asamblea Xeral en Sesión Ordinaria:

1. O exame de aprobación das cuotas, ordinarias e/ou extraordinarias.
2. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior, da memoria anual comprensiva das actividades realizadas, así como da modificación das cuotas pola Xunta Directiva.
3. Decidir a aplicación concreta dos fondos dispoñibles.
4. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio e facer balance do mesmo.
5. Aprobar o plan de actividades.
6. Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
7. Acordar as distincións e sancións das que se fagan acredores os/as socios/as.

8. Resolver os asuntos que resultan dos Estatutos e que estean atribuídos expresamente á Asamblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.
9. O estudo, deliberación e aprobación, no seu caso, das propostas que sexan presentadas pola Xunta Directiva e os socios.

#### ARTIGO 15º .- Facultades de la Asamblea Xeral en Sesión Extraordinaria

Son facultades da Asamblea Xeral en Sesión Extraordinaria:

1. Modificar e reformar os Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interno.
2. Elixir os membros da Xunta Directiva. Cando trátese de vacantes producidas antes do final do prazo de mandato, os elixidos serano só polo tempo que reste para a renovación.
3. Aprobala posible federación con outras asociacións.
4. Aprobala constitución de Delegacións.
5. Aprobala disolución da Asociación.
6. Os demais asuntos que a petición escrita da Terceira parte dos/as socios/as inscribíbanse na Orde do Día.
7. Aprobala solicitude de declaración de Utilidade Pública da Asociación.
8. Tódolos conferidos expresamente á Asamblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.
9. Referendala modificación e/ou reforma estatutaria da Sección Xuvenil.

#### ARTIGO 16º .- Quórum da Asamblea Xeral

Para que as Assembleas tanto Ordinarias coma Extraordinarias podan tomar acordos, será necesario que asistan en primeira convocatoria a metade máis un dos/as socios/as. Se non existise ese número, transcorridos 30 minutos celebrábase en segunda convocatoria, sendo válidos os acordos, calquera que sexa o número de asistentes.

#### ARTIGO 17º .- Adopción de acordos pola Asamblea Xeral

Os acordos tomaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o/a Presidente/a. Non obstante, será necesario o voto das 2/3 partes dos/as socios/as presentes, cando se celebre en Sesión Extraordinaria.

#### ARTIGO 18º .- Obrigatoriedade dos acordos adoptados pola Asamblea Xeral

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as socios/as, incluíndo ós/ás non asistentes.

### A XUNTA DIRECTIVA

#### ARTIGO 19º .- Configuración da Xunta Directiva

A Xunta Directiva estará integrada polo Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Secretario/a, o Tesoureiro/a e ata 4 vocais. A propia Xunta poderá designar entre os/as vocais quen ha de substituír ó/á Secretario/a e ó/á Tesoureiro/a, en caso de ausencia por calquera caso.

#### ARTIGO 20º .- Vixencia da Xunta Directiva

Os cargos da Xunta Directiva, terán unha duración de 2 anos, podendo ser reelixidos seus membros ó rematar o mandato.

#### ARTIGO 21º .- Réxime de vacantes na Xunta Directiva

As vacantes que puideran producirse na Xunta, cubriranse provisionalmente por designación da Xunta Directiva mentres a Asamblea Xeral non elixa os novos membros ou confirme nos seus postos ós designados.

#### ARTIGO 22º .- Periodicidade das reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse ou cando o solicite o/a Presidente/a, ou no seu defecto o/a Vicepresidente/a, ou 2 membros da mesma.

#### ARTIGO 23º .- Réxime de adopción dos acordos da Xunta Directiva

Os acordos tómanse por maioría simple e para a súa validez requírirase da metade máis un dos componentes. En caso de empate decidirá o voto de o/a Presidente/a.

#### ARTIGO 24º .- Atribucións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Convocar e fixar a data de celebración das Asambleas Xerais.
2. Confeccionar o Plan de Actividades.
3. Organizar e desenrolar as actividades aprobadas pola Asamblea.
4. Elaborar e presentar os Presupostos e Contas Anuais á Asamblea Xeral para a súa aprobación.
5. Render contas da marcha da Asociación e da situación económica da mesma ós/ás socios/as que o soliciten.
6. Designar as Comisións de Traballo ou Seccións que se consideren oportunas para o desenvolvemento das actividades da Asociación, coordinando o mesmo tempo, a labor das mesmas, as cales serán presididas por un vocal da Xunta Directiva.
7. Fixar as cuotas Ordinarias e Extraordinarias que se acorden.
8. Interpretar e resolver calquera duda relacionada cos Estatutos e o Regulamento Interno da Asociación, ó igual que velar polo seu cumprimento.
9. Dictar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asamblea Xeral.
10. Admitir ou rexeitar ós/ás novos/as socios/as.

#### ARTIGO 25º .- Convocatoria da Xunta Directiva

As reunións da Xunta Directiva deberán convocarse coa suficiente antelación e celebraranse conforme á Orde do Día. A asistencia as mesmas é de obrigado cumprimento.

No caso de non poder asistir, comunicárase previamente ó/á Presidente/a, e no seu defecto ó/á Vicepresidente/a.

#### ARTIGO 26º A .- Facultades do/a Presidente/a

- Ostentar a representación, dirección e xestión da Asociación.
- Mirar polo cumprimento dos fins da Asociación.
- Fixar, convocar e presidir as reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.
- Acordala Orde do Día das reunións.
- Executar os acordos adoptados pola Asamblea Xeral ou pola Xunta Directiva.
- Autorizar co seu visto bo as Certificacións que expida o/a Secretario/a.
- Firmar co/ca Tesoureiro/a os escritos, cheques e documentos de crédito.
- Delegar as súas facultades noutro membro da Xunta Directiva.

#### ARTIGO 26º B.- Facultades do/a Vicepresidente/a

O/A Vicepresidente/a terá como función a substitución do Presidente/a nos casos de ausencia obrigada deste, enfermidade ou outra causa legal, e no seu defecto polo socio de maior xerarquía, antigüedad e idade (por esta orde) de entre os compoñentes.

#### ARTIGO 27º .- Facultades do/a Secretario/a

1. Actuar como tal nas reunións, tanto da Asamblea como a Xunta Directiva, levantando Actas das mesmas.
2. Obriga de lectura das actas da reunión anterior
3. Asistir ó/á Presidente/a para fixala Orde do Día e cursalas convocatorias.
4. Expedir certificacións.
5. Custodiar e leva-los libros (excepto o de contabilidade), documentos e selos da asociación.
6. Levar o Rexistro e mailo Ficheiro.
7. Redactala memoria anual e os plans de actividade e os documentos que sexan necesarios, axudado como mínimo por un membro ou máis da Xunta Directiva.
8. Instruír os expedientes contra socios/as segundo o ARTIGO 6.

#### ARTIGO 28º .- Facultades do/a Tesoureiro/a

- Levar los Libros de Contabilidade e custodialos Fondos da Asociación.
- Expedilos recibos das cuotas Ordinarias e Extraordinarias.
- Redactar os presupostos e balances anuais.
- Levar un inventario dos bens sociais.
- Firmar co/ca Presidente/a os escritos, cheques e documentos do crédito.

#### ARTIGO 29º .- Facultades dos/as Vocais

- Substituír ó/á Secretario/a e ó/á Tesoureiro/a, no caso de ausencia por calquera motivo.
- Todas aquelas que lles encomende o/a Presidente/a.
- Representar as opinións tanto dos socios/as da Xunta Directiva.

## ARTIGO 30º .- Cese dos membros da Xunta Directiva

As posibles causas de cese dos membros da Xunta Directiva son:

1. Falecemento da persoa física ou extinción da xurídica.
2. Renuncia voluntaria da persoa.
3. Finalización do tramo do prazo para o que foron elixidos.
4. Por acordo adoptado polos convocados a tal efecto.

## CAPÍTULO IV

### PATRIMONIO FUNDACIONAL, MEDIOS ECONÓMICOS E PRESUPOSTOS

#### ARTIGO 31º .- Recursos

A Asociación carece de Patrimonio Fundacional e os seus recursos estarán constituídos por:

1. As cuotas dos/as socios/as.
2. Donativos ou legados que se outorguen por entidades ou particulares.
3. As subvencións do Estado, Comunidade Autónoma, corporacións ou entidades.
4. Os ingresos do Patrimonio que poda posuír.
5. Os beneficios que se obteñan de calquera actividade de acordo co disposto na lexislación vixente.
6. Os recursos que obteñan por si mesmas as actividades autorizadas pola Asociación.
7. Calquera evento que sexa organizado por esta Asociación será gratuíto para os socios/as (dependendo do disposto no ARTIGO 5), nembargantes a Xunta Directiva poderá solicitar unha cantidade simbólica para devandita celebración.

#### ARTIGO 32º .- Ánimo de lucro

A Asociación carece de “Ánimo de Lucro”, e dedicará no seu caso, os beneficios eventualmente obtidos, a actividades con idéntica natureza.

Os cargos de Presidente/a ou representante legal serán gratuítos, e carecerán de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmos ou a través de persoas interpostas.

#### ARTIGO 33º .- Presupuesto anual

O importe do presupuesto anual da asociación adecuarase ó programa de actividades anual, sendo como máximo o permitido pola lexislación vixente.

O presupuesto anual contemplará as partidas necesarias para garantir o pago do aluguer dos locais, o mantemento destes e as súas instalacións, a compra e reparación de material, e a adquisición de fondos documentais.

A Xunta Directiva confeccionará tódolos anos un Proxecto de liquidación sobre actividades do ano transcorrido, que se presentará á aprobación da Asamblea Xeral. Así mesmo, presentará a liquidación de contas do ano anterior, para a súa aprobación pola mesma.

Neste senso a data de peche do exercicio económico coincidirá coa do ano natural.

## CAPÍTULO V

### ASOCIACIÓN POR UNHA SOCIEDADE DE INTERNAUTAS LIVRES (A S.I.L.)

•As reunións extraordinarias, poderán ser presenciais ou virtuais, a través da viabilidade das novas comunicacións por medio dos distintos medios tecnolóxicos e informáticos expostos pola Xunta Directiva. As vías de comunicación para informar ós socios/as será por medio do foro ou do correo electrónico e as reunións vía chat. Tódolos/as usuarios/as serán responsables únicos da súa identificación, facéndose responsables da súa perda e as accións resultantes da mesma.

•Tódolos usuarios teñen dereito a unha conta de correo electrónico.

## CAPÍTULO VI

### DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN E LIQUIDACIÓN DO PATRIMONIO

#### ARTIGO 34º .- Disolución da asociación

1. Por acordo dos 2/3 dos/as socios/as na Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto.
2. Por causa determinadas polo Art. 39 do Código Civil.
3. Por sentenza xudicial.

#### ARTIGO 35º .- Liquidación da Asociación

Acordada ou decretada a disolución, a Xunta Directiva, efectuará a liquidación, enaxenando os bens sociais, pagando as súas débedas, cobrando os seus créditos e fixando o haber líquido resultante, se houbese.

#### ARTIGO 36º .- Destino da liquidación

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación doarase a obras benéficas a determinar na Asamblea de Disolución.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En Vilagarcía de Arousa, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2007

O Presidente

O Secretario

Oscar Guillán Rodríguez

Javier Alemparte Castelo